



INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

Asunto: Orzamento xeral 2019.- Estabilidade orzamentaria, regra do gasto e teito orzamentario.

D.FRANCISCO GARCIA SUAREZ, Secretario-Interventor do Concello de A Mezquita, de acordo co art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RDEP), emite o seguinte informe:

1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF).
- Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

2.- Sobre estabilidade orzamentaria, regra de gasto e teito orzamentario.

Conforme dispón o artigo 1 da LOEOSF *"constitúe o obxecto da presente Lei o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española"*, de modo que *"a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito subxectivo desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea"*, segundo declara o artigo 3.1 do citado texto legal, sinalando que *"se entenderá por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural"* (art. 3.2 LOEOSF). A maiores, o artigo 11.4, establece que *"as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario"*.



Pola súa parte, o Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais no artigo 16.2) declara que "...a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno."

Regra do gasto.

A regra de gasto foi introducida no ordenamento Xurídico español polo Real Decreto - Lei 8/2011 de 1 de xullo, que modificou a ata entón vixente Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, pero limitada ás entidades locais dos artigos 111 e 135 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Actualmente a denominada regra do gasto figura no artigo 12 da LOEOSF que, ao efecto, establece:

Artigo 12. Regra de gasto.

1. A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 desta Lei.
2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.



3. Corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade calcular a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, de acordo coa metodoloxía utilizada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa. Esta taxa publicárase no informe de situación da economía española ao que se refire o artigo 15.5 desta Lei. Será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.
4. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.

5. Os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.

Teremos en conta que, de acordo co artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, o Consello de Ministros na súa reunión do día 03 de xullo de 2018, fixou os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2018-2020 e o límite de gasto non financeiro do Estado no 2018, do que resulta:

- Obxectivo de débeda pública para as Entidade Locais:

2018	2019	2020
2,7%	2,6%	2,5%

- Regra de gasto para as Entidade Locais:

2018	2019	2020
2,4%	2,7%	2,8%

Análise do cumprimento da regra de gasto e teito de gasto.

Pois ben, sobre a base da normativa contida no apartado 2 do artigo 12 da LOEOSF, citado anteriormente, teremos en conta os capítulos de gasto 1 a 7, tanto da liquidación estimada para o exercicio 2018 como das previsións do orzamento 2019, minorando en ámbolos casos, o gasto non computable (capítulo 3, intereses da débeda, e os gastos financiados con fondos finalistas). Deste xeito obterase un gasto computable que para o 2019 non pode superar o 2,7% (taxa de variación) do gasto computable estimado para a liquidación do 2018.



C1) OPERACIÓN CORRENTES 2016	Liquidación 2017	Estimac. Liq. 2018	Orzamento 2019
1. GASTOS DE PERSOAL	404.160	447.100	462.103
2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	316.507	338.711	277.588
3. GASTOS FINANCEIROS	10.740	12.000	7.000
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	27.221	17.000	38.136
Total operación correntes	758.628	814.811	784.827
MINORACIÓN NO GASTO COMPUTABLE		12.000	7.000
• Mecanismo extraordinario pago provedores	10.740		
• Intereses de débeda(capitulo 3)	191.712		248.382
• Gastos financiados con fondos finalistas		235.00	255.382
TOTAL MINORACIÓN	202.452		
Op.correntes-Gasto computable	56.176	567.811	522.245
C2) OPERACIÓN DE CAPITAL			
6 INVERSIÓN REAIS	97.651	105.051	277.037
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	97.651	105.051	277.037
MINORACIÓN NO GASTO COMPUTABLE:			
• Non execucion de gasto			
• Alleamento de terreos			
• Gastos financiados con fondos finalistas	37.533	50.000	178.329
Op. Capital- Gasto computable	60.118	55.051	98.707
GASTO COMPUTABLE OP. NON FINANCEIRAS	655.763	616.294	628.153

Coefficientes legais	1,80	1,70%	2,40%	2,70%
Limite	598.100	617.137	631.085	639.679
Exceso	+57.663	-843	-8.223	-11.526

Dado que o gasto computable polas operacións non financeiras das previsións para o 2019 é inferior ó límite de gasto despois de aplicar o coeficiente aprobado para o 2019 (coeficiente 2,7%) o orzamento do exercicio 2019 cumpre a regra do gasto.

3.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2019.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria despréndese da comparación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e os capítulos 1 a 7 de ingresos. O obxectivo de estabilidade orzamentaria identificarase cunha situación de equilibrio ou superávit.

Ingresos Capitulo 1 a 7	1.118.511,00€
Gastos Capitulo 1 a 7	1.061.864,00€



AXUSTES

Rexistro en contabilidade Impostos taxas e outros ingresos.

1.- Diferencia entre dereitos recoñecidos e recadación total en caixa polos referidos ingresos.

DEREITOS RECOÑECIDOS	RECADACIÓN CORRIENTE E PECHADOS.	DIFERENCIA
Cap. 1 164.500	Ivtn 47.452 IAE 6.053 IBI 109.362 } 162.867€	-1.633€
Cap. 2 5.000	ICOI 2.250	-2.750€
Cap. 3 111.000	Lixo 24.838 Resto 45.955 } 70.793 €	-40.207€
TOTAL 280.500	235.910 €	-44.590€
	Axuste 2 negativo, sen incidencia Axuste 3 tratamento dos intereses Axuste 14 gastos pendentes de aplicar- negativo	-1.000€
TOTAL		45.590€

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento 2019 unha vez realizados os axustes SEC-10 detallados presenta os seguintes resultados:

Ingresos Cap. 1 a 7	1.118.511 €
Axustes ingresos	45.590 €
Gastos Cap. 1 a 7	1.061.864 €
RESULTADO	+ 11.257 €

Da comparación das previsións dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos do concello, resulta un superávit orzamentario de **11.257 €**, polo tanto, enténdese cumprido o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Ao tratarse de previsións de ingresos e gastos non se realizará ningún axuste para a adaptación dos datos ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95).

A Mezquita, a 15 de Outubro de 2018.

O Secretario-Interventor,

Francisco García Suárez

(asinado electrónicamente na marxe)